

1º DÍA

16:00 ➤ Recollida Material

16:30 ➤ Inauguración

16:45 ➤ Recursos en Galego de apoio no labor docente (I)

- O Banco de Recursos da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización Lingüística
- Materiais e Recursos Didácticos producidos nos Concellos da Deputación da Coruña (*Carmen Denebola, Grupo de Investigación Stellae, USC*)
- Presentación do espazo didáctico virtual da AELG (*Mercedes Queivas, Secretaria Xeral AELG*)
- Experiencias de Boas Prácticas. "En Galicia en Galego" (*Sofía Riveiro Olveira, CEESG*)
- Propostas TELGalicia para a elaboración de guías e unidades didácticas con TIC: modelos, materiais de referencia e funcionalidades de apoio Web 2.0 (*Manuel Caoiro, TELGalicia*)

19:00 ➤ "Bibliotecas escolares galegas, fornecedoras de recursos diversos" (*Pilar Sampedro, Cristina Novoa*)

20:00 ➤ Presentación do libro Materiais e Experiencias educativas innovadoras. (*M^{te} Montserrat Castro Rodríguez, M^{te} Helena Zapico Barbeito, Xosé Rodríguez*)

2º DÍA

09:15 ➤ Obradoiros (Sesión A)

- Recursos Educativos na Rede. Emprego do Moodle
- Materiais Didácticos e Proxectos Educativos (*Camino Pereiro, (Mestra)*)

12:00 ➤ Obradoiros (Sesión B)

- Libros dixitais en Galego. Posibilidades nas aulas (*Manel Rives*)
- Partillar recursos na rede (*Román Cerqueiro Landín*)
- AREA: Plataforma Web para o desenvolvemento de Actividades e Guías Educativas (*Manuel Caoiro, TELGalicia*)

16:30 ➤ Presentación de Experiencias de Materiais

19:00 ➤ Presentación da obra-recurso *Tastarabás*. (*Antón Cortizas*)

19:30 ➤ Clausura

colaboran:

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

CÁVILA

asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org

Grupo de
Investigación
Stellae

USC

DEPARTAMENTO DE DIDACTICA
E ORGANIZACIÓN ESCOLAR

Rede
TELGalicia

ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

VI Xornadas de Materiais Didácticos

Recursos e materiais didácticos para o ensino en Galego

Datas de realización:

29-30 de novembro 2013

Lugar: **Facultade de Ciencias da Educación**
(Campus Vida, USC)

Destinatarios:

**Profesorado de Educación Infantil, Primaria,
Secundaria e Formación Profesional.**

Participantes: **100 (Número máximo)**

(Poderán ser desempregados/as, 30)

Inscrición:

<http://www.nova-escola-galega.org>

Organizan:

{g} coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística

NOVA
ESCOLA
GALEGA

Aidea

As VI Xornadas de Materiais Didácticos pretenden ser continuación dos anteriores congresos de materiais didácticos, tendo como obxectivo nesta ocasión, baixo o lema “Recursos e materiais didácticos para o ensino en Galego”, crear un espazo de eminente carácter práctico a través do cal poder difundir e dar a coñecer aqueles materiais didácticos e recursos educativos existentes en galego que contribúen á normalización da nosa lingua, tanto en centros de ensino como noutras entidades socioeducativas.

Sabemos das dificultades para encontrar materiais en galego para determinadas áreas e proxectos, polo que se fai necesaria a difusión dos existentes e as ferramentas que poidan axudar á multiplicación deste tipo de materiais.

Igualmente, a través do coñecemento e difusión dos materiais elaborados polo propio profesorado, pretendemos recoñecer o gran labor que hai detrás da construción de recursos educativos polos propios docentes e do interesante abano de posibilidades que se abre a través do intercambio de experiencias e de recursos.

Obxectivos

- ➔ Difundir os materiais didácticos innovadores concibidos e promovidos polo profesorado dos diferentes niveis do ensino e tamén dende diferentes colectivos de carácter educativo (concellos, movementos de renovación pedagóxica...) coa finalidade de contribuír á normalización lingüística.
- ➔ Reflexionar sobre a relevancia e a necesidade de dispor de recursos educativos en galego para os diferentes niveis do ensino.
- ➔ Participar en obradoiros que nos axuden a crear materiais didácticos e a contribuír á súa distribución.

Os materiais

Os obradoiros son sesións participativas, onde a/o asistente ten a posibilidade de iniciarse en técnicas de deseño e selección de materiais didácticos e recursos educativos. Na xornada do sábado realizaranse simultaneamente cinco obradoiros, dous en horario de 9:15h a 11:30h e tres de 12:00h a 14:15h. As e os participantes deberán sinalar os obradoiros da súa preferencia na folla de inscrición (un entre os desenvolvidos na Sesión A e outro entre os desenvolvidos na Sesión B).

Ademais de asistir ás mesas redondas, conferencias e obradoiros, quere moste convidar a que presentes aos compañeiros/as algúns dos materiais didácticos que teñas elaborado para traballar na escola e que dalgún xeito estean contribuíndo á normalización lingüística.

Se estás interesado/a en dar a coñecer a túa experiencia ou material, convidámote a que accedas ao enlace "[Ficha para difundir material](#)" e envíes o documento que aparece no mesmo a Rocío García Pazos (rocio.garcia.pazos@gmail.com) antes do 1 de novembro.

Como presentar material

Para poder presentar o teu material é necesario que esteas inscrito nas xornadas. Unha vez que recibamos o conxunto de propostas, organizaremos as presentacións en función das temáticas e da tipoloxía de material. Cada autor/a de material disporá dun tempo aproximado de 15-20 minutos para presentar o seu recurso. Para as presentacións dos materiais disporase de ordenador e de conexión a internet. Na realización da túa presentación, agradeceríamos que prestases especial atención ás seguintes cuestións:

- Breve presentación do material
- Características
- Destinatarios
- Por que en galego?
- Breve avaliación

As presentacións terán lugar na
Facultade de Ciencias da Educación